

O Museo do Pobo acolle unhas xornadas de reflexión e debate

O mundo do ensino analiza a utilidade didáctica dos museos

LA VOZ | SANTIAGO

■ A utilidade didáctica dos museos foi o tema da conferencia inaugural das xornadas dedicadas a analizar e reflexionar sobre Actividades e recursos educativos dos museos de Galicia, que se iniciaron onte no Museo do Pobo Galego e que continuarán nos sucesivos sábados deste mes.

Este encontro, organizado polo movemento de renovación pedagóxica Nova Escola Galega e patrocinado pola Dirección Xeral de Patrimonio da Consellería de Cultura, propónse afondar na difusión do coñecemento que radica nos museos e na súa utilidade social. O mundo do ensino e o dos museos queren crear un ámbito de reflexión e de análise en relación cos materiais e os recursos pedagóxicos dos museos e a súa difusión no mundo educativo. Este obxectivo parte da importancia do papel que teñen os museos no desenvolvemento integral dos individuos



ÁLVARO BALLESTEROS

Asistentes ás xornadas vendo a exposición montada no claustro

das sociedades nas que están, polo que se trata de abrir un debate nos ámbitos educativo e museístico que redunde en beneficio da sociedade como depositaria do patrimonio natural, artístico, histórico ou arqueolóxico destes centros.

O programa das xornadas, destinado a alumnos, docentes e persoal técnico dos museos ten un enfoque formativo inter-

disciplinar tanto nos temas que van abordar os conferenciantes convidados como nos obradoiros e nas visitas e itinerarios polo patrimonio artístico e cultural de Santiago.

Durante todo o mes estará aberta no claustro do Museo do Pobo una exposición cos materiais e recursos educativos de que dispoñen os museos galegos.